

**REUNIÓN DA COMISIÓN 8.<sup>a</sup>, PESCA E  
MARISQUEO**

Día: 02.02.2018      Hora: 10:30

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1            19569 (10/PNC-001587)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores  
              Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión das zonas marisqueiras, así como a apertura dunha mesa de diálogo cos axentes implicados e persoas expertas co fin de determinar as posibles melloras para aumentar a produción marisqueira das rías galegas  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017*
  
- 2            19637 (10/PNC-001596)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
              Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación da sardiña ibero-atlántica para paliar a escaseza de capturas  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017*
  
- 3            19646 (10/PNC-001600)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José  
              Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para defender os intereses do sector pesqueiro nas negociacións do Brexit  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017*
  
- 4            20835 (10/PNC-001704)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio  
              Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan de acción para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos respecto das inspeccións realizadas e as infraccións detectadas en materia de pesca  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017*

- 5            20858 (10/PNC-001707)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José  
              Sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante do Goberno central da posta  
              en marcha dun plan de xestión da sardiña ibérica e as medidas que debe  
              conter  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017*
- 6            22248 (10/PNC-001807)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
              Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a  
              igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións  
              no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodríguez Arias na data 26/01/2018 10:34:54**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 19569(10/PNC-001587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión das zonas marisqueiras, así como a apertura dunha mesa de diálogo cos axentes implicados e persoas expertas co fin de determinar as posibles melloras para aumentar a produción marisqueira das rías galegas

*Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A perda de produción marisqueira en Galicia é unha realidade que se vén comprobando nos últimos anos. Dende 2009 perdéronse numerosos permisos de explotación, xa que naquel momento existían en torno a 6500 permisos, mentres que no ano 2017 iniciouse con 3799. As queixas e reclamacións do sector son continuas, e os datos sobre o marisqueo seguen sendo baixos e dificilmente sustentables.

Existen problemas de contía e de produción nos bancos marisqueiros, e as confrarías galegas comprobaban como, sistematicamente, as súas demandas vense apartadas e os problemas que poden ser causa das dificultades de produción son esquecidas.

Non entanto, a principal preocupación da Consellería do Mar vén sendo provocar e forzar que as confrarías asuman a xestión dos espazos marisqueiros, a pesares da súa limitada capacidade e a confluencia de intereses diversos, desbotando asumir como propias esas funcións. A consellería debe servir como institución de encontro das confrarías, á hora de coordinar as labores e accións a levar a cabo para mellorar as condicións e a produción. Pola contra, a incerteza actual sobre os modelos de xestións está provocando problemas porque resulta difícil para as confrarías asumir unha xestión completa de espazos e labores que son distintas, que se afrontan de maneira diferente en función dos lugares, e que levará a dificultades especialmente nas rías canto máis confrarías convivan.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O sector das confrarías ve con preocupación a situación, e demanda maior claridade e posibilidade de flexibilizar esta posición e obxectivo da consellería de desbotarse das súas propias responsabilidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a paralizar os esforzos destinados a entregar a xestión dos espazos marisqueiros ás confrarías, e abrir unha mesa de diálogo que conte con todos os axentes involucrados e expertos, para obter conclusións sobre as melloras posibles de cara a aumentar a produción marisqueira das rías galegas.

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2017 09:57:28**

**María Dolores Toja Suárez na data 02/11/2017 09:57:35**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2017 09:57:42**



**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 19637(10/PNC-001596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación da sardiña ibero-atlántica para paliar a escaseza de capturas

*Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 19637**  
Data envío: 02/11/2017 18:05:17.505

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a recuperación da sardiña.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos informes científicos insisten na escaseza de capturas de sardiña que se ven producindo nos últimos anos, así como a diminución do stock. Constatan reducións alarmantes, polo que dende diversos foros reclámase a necesidade de tomar medidas urxentes. Medidas precisas para a recuperación do stock e para minimizar a repercusión naqueles sectores que teñen unha maior vinculación con esta especie como son o cerco e o xeito.

O criterio de regulación da pesquería da sardiña foi modificado no ano 2014, de xeito que se estableceu un Plan de xestión para os buques dos censos do Caladoiro do Cantábrico e Noroeste, quedando redactado do seguinte xeito “ As embarcacións que realicen pesquerías de cerco atenderán ao volume de capturas e desembarques, por día natural, aos límites máximos seguintes: Ningún”.

Medidas coma esta, defendida pola consellaría do Mar, reflicten ou descoñecemento ou actuación temeraria, xa que todos os indicadores apuntan a unha situación crítica ante a que se fai preciso actuar.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 19637**  
Data envío: 02/11/2017 18:05:17.505

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a desenvolver medidas para paliar a escaseza de capturas de sardiña, a través dun plan de recuperación da sardiña ibero-atlántica, que contemple a paralización da actividade temporalmente e medidas adicionais para os tripulantes e propietarios de buques de cerco e xeito con porto base en Galiza.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 19637**  
Data envío: 02/11/2017 18:05:17.505

**María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2017 17:56:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2017 17:57:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2017 17:57:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2017 17:57:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2017 17:57:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2017 17:57:13**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 19646(10/PNC-001600)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central para defender os intereses do sector  
pesqueiro nas negociacións do Brexit

*Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a importancia do sector da pesca nas negociacións do Brexit.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A futura saída do Reino Unido da Unión Europea pode significar un duro contratempo que afecta a máis de 20 buques e 200 mariñeiros galegos. Son moitas as embarcacións que a pesar de ter capital galego tamén teñen a bandeira no Reino Unido. Cal será a futura relación entre o país anglosaxón e o resto de países da Unión Europea no referente ao sector pesqueiro todavía está por dirimirse. Atopámonos polo tanto ante un futuro incerto, que require dos esforzos tanto da Xunta de Galicia como do goberno de España durante un proceso negociador duro para non deixar desamparados aos nosos mariñeiros.

Utilizar a pesca como moeda de cambio durante as negociacións do BREXIT non pode ser unha alternativa, ao contrario, esta debe ser unha prioridade pola importancia socio-económica que o sector ten para Galicia.

O certo é que o Reino Unido non ten capacidade suficiente para capturar e procesar todo o peixe nos seus caladoiros, pero a postura de este país non é clara, se fai unhas semanas afirmábase que os países comunitarios poderían seguir pescando nas augas británicas, novas declaracións por parte do goberno británico fan poñer en dúbida isto. O que si parece unha intención do Reino Unido é chegar a acordos con terceiros países máis alá dos comunitarios para faenar nas



súas augas, polo que a ameaza por exemplo de China, que xa se está apoderando de unha gran cantidade de caladoiros internacionais é moi real.

E sabido e recoñecido que os británicos son grandes e bos negociadores, polo que aceptar a opción de terceiros países máis alá dos comunitarios é prexudicial para os intereses do conxunto da Unión Europea. Por outro lado, para acentuar a división no seno da UE, o Reino Unido buscaría primar a países de forma individualizada como por exemplo Dinamarca. Isto representa un grande erro porque aceptar algo así significaría a perda da forza negociadora europea no seu conxunto.

Durante este proceso negociador que será duro, a pesca non pode ser unha moeda de cambio, debe ser un elemento central de todo o proceso. Ademais, tampouco se pode permitir unha división por parte dos países da Unión Europea nas negociacións.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de España a:

- Non permitir que o Reino Unido poida chegar a acordos con terceiros países fora da Unión Europea para faenar nos seus caladoiros.
- Chegar a acordos en conxunto co resto dos países que conforman a Unión Europea, de forma que non se permita unha división de posturas entre os países membros.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 18:14**  
**Nº Rexistro: 19646**  
Data envío: 02/11/2017 18:14:52.505

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:00:18**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 18:00:24**



**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 20835(10/PNC-001704)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan de acción para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos respecto das inspeccións realizadas e as infraccións detectadas en materia de pesca

*Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O Regulamento da Unión Europea 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, no seu artigo, 3, letra k) establece dentro dos principios de boa gobernanza da política pesqueira o criterio de transparencia no tratamento de datos de conformidade con os requisitos legais vixentes, respectando debidamente a vida privada, a protección de datos de carácter persoal e as normas de confidencialidade; a dispoñibilidade dos datos para os organismos científicos adecuados, outros organismos con intereses científicos ou de xestión, e outros usuarios finais concretos.

As autoridades públicas están obrigadas pola Lei 27/2006 a levar a cabo a difusión da información ambiental da maneira máis activa e sistemática posible. De feito, teñen a obriga de difundir unha información mínima, entre aqueles datos ou resumos de datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar ao medio ambiente. Así, as autoridades estatais e autonómicas están obrigadas a promover unha maior accesibilidade os datos sobre o control e a execución da normativa pesqueira en España, sen máis limitacións que as excepcións previstas no artigo 4.4 do Convenio de Aarhus e no artigo 13.2 da Lei 27/2006.

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, vén de facer público o seu informe “O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017”. Nese informe establécese que como consecuencia da ausencia de datos publicamente dispoñibles sobre a aplicación do sistema de control de pesca en Galicia, foi necesario presentar unha solicitude de acceso á información ante a Consellería do Mar, da que depende a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. E que esta unicamente facilitou o acceso parcial da información. Os datos non facilitados refírense á descrición dos tipos infractores de pesca máis comúns detectados no ámbito autonómico, así como os datos sobre



**Grupo Parlamentario**

procedementos sancionadores tramitados e a contía total das sancións administrativas impostas.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O informe tamén indica que o Goberno galego non realizou o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura. E polo tanto, imposibilita coñecer se se compren os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da súa cadea de comercialización de produtos pesqueiros.

Faise preciso pois cumprir coas indicacións da UE, e aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca, e facilitar un acceso eficaz os datos sobre as sancións administrativas impostas por infraccións á normativa pesqueira tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira. Aumentar a conciencia política e a vontade das autoridades públicas españolas para levar a cabo unha correcta aplicación das disposicións do Convenio de Aarhus en materia de acceso á información ambiental. Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca, tanto a nivel nacional como autonómico. As autoridades públicas deben ter coñecemento da chegada do funcionamento real do sistema de control e execución da política pesqueira en España, sendo capaces de identificar tanto os logros como as limitacións existentes á hora de aplicar as normas da PPC e os seus regulamentos de control.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a elaborar e presentar no Parlamento de Galicia, nun prazo máximo de 3 meses, un plan de acción para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca e facilitar un acceso eficaz aos datos co fin de:

1º) Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca tanto a nivel nacional como das CC. AA.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 20835**  
Data envío: 27/11/2017 18:29:18.514



---

**Grupo Parlamentario**

2º) Promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira.

---

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2017 18:27:26**

**Julio Torrado Quintela na data 27/11/2017 18:27:37**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 18:27:51**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 20858(10/PNC-001707)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante do Goberno central da posta en marcha dun plan de xestión da sardiña ibérica e as medidas que debe conter

*Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector do mar de Galicia está a vivir con moita preocupación o proceso de adopción de medidas que afectan ao plan de xestión da sardiña Ibérica, e as decisión que sobre esta especie pretende introducir a Unión Europea.

Esta pesquería é fundamental para varios segmentos de frota de Galicia, pero en concreto nas Rías de Arousa e Vigo, entre outras, afecta de forma moi considerable aos máis de 400 barcos que manteñen o xeito no seu permex.

Estes traballadores que no ano 2017 pescaron algo máis de 210 toneladas das 17000 Tn do total, verían moi afectada a súa economía de adoptarse medidas que reduzan considerablemente a cota ou establezan novas restricións sobre a talla na pesca en augas interiores desta especie.

Dende En Marea vimos defendendo, ao igual que se sumou a esta petición tanto a maioría das artes menores como a frota do cerco, que a arte do xeito debера manterse fora das cotas do plan de explotación da sardiña ibérica, pola súa pouca



relevancia relativa e escaso impacto que sobre os stocks da sardiña ten a utilización desta arte tradicional.

Ademais, ao igual que xa fixo a Consellería nas súas alegacións perante do ministerio á hora de realizar as súas emendas ao decreto de ordenación do espazo marítimo, cremos que debemos exercer as nosas condicións de autogoberno neste sentido recollidas no Estatuto de Galicia, e elaborar un plan propio de xestión da sardiña en augas interiores.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a defender perante o Ministerio a adopción dun plan de xestión da sardiña ibérica que entre outras cousas contemple:

1. Un reparto xusto da cota en relación cos postos de traballo que xera por TN descargada.
2. Iniciar os estudos científicos pertinentes que permitan establecer unha unidade de xestión independente para a sardiña das costas galegas e o norte de Portugal.
3. Excluir das cotas que se acorden á arte do xeito.
4. Establecer no uso das nosas competencias un plan de xestión propio nas augas interiores de Galicia da sardiña ibérica

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/11/2017 10:56**  
**Nº Rexistro: 20858**  
Data envío: 28/11/2017 10:56:20.203

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo  
Deputado do G.P. de En Marea  
Carmen Santos Queiruga  
Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 28/11/2017 10:51:29**

**Carmen Santos Queiruga na data 28/11/2017 10:51:49**



**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.02.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 22248(10/PNC-001807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado

*Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 10:20  
Nº Rexistro: 22248  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante incluíndo ás embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas cun coeficiente redutor do 0,35.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Gardacostas de Galiza foi creado a través da Lei 2/2004, para substituír ao anterior Servizo de Protección de Recursos que viña funcionando dende o ano 1990 e ten por finalidade a inspección, vixilancia e control das actividades reguladas pola Lei 11/2008, de 3 de decembro de pesca de Galiza, e o mesmo é o responsable de levar a cabo as actuacións necesarias para asegurar a protección dos recursos mariños, así como o apoio a flota galega mediante a realización de labores de busca, salvamento marítimo ou a prevención e a loita contra a contaminación do medio mariño.

Para desenvolver estas labores por mar conta con persoal especializado que desenvolven as súas funcións a bordo de 19 embarcacións rexistradas na 8ª Lista, distribuídas polas diferentes bases existentes ao longo de todo o litoral de Galiza e coas embarcacións: remolcador “Sebastián de Ocampo”; o buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”; o buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”; e a patrulleira “Paio Gómez Chariño”, que foron privatizadas, externalizando as súas tripulacións, pasando o persoal do Servizo de Gardacostas a embarcar nelas para dirixir as actuacións de inspección, rastrexo de artes caladas ilegalmente, labores de busca, salvamento, loita contra a contaminación, emerxencias, etc.

As peculiaridades deste persoal son tales que o propio Ministerio de Fomento publicou a Orde FOM/3422/2011, de 4 de novembro, pola que se regula o despacho e enrole das embarcacións adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galiza (hoxe Gardacostas de Galiza), aclarando que as unidades pertencentes ao Servizo estarán rexistradas na lista oitava do Real Decreto 1028/1989, de 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, dado que a actividade que realizan non ten por obxecto unha finalidade mercantil, en tanto que as súas tripulacións están formadas por profesionais do mar que teñen os debidos nomeamentos e poden desenvolver as súas funcións como persoal estatutario ao servizo da administración autonómica ou como laboral pertencente a empresas que prestan ditos servizos para a Xunta de Galiza.

Tendo en conta as misións encomendadas e a peculiaridade do medio en que teñen que desenvolverse, a operatividade das unidades esíxese que se dispoña dunha normativa específica, respecto do despacho das embarcacións, o enrole das tripulacións e outras circunstancias que posibiliten que as embarcacións do citado

Servizo poidan estar operativas en todo momento, ao efecto de facilitar a súa labor en cumprimento das misións encomendadas.

Normativa esta, que o propio Ministerio fai extensible as embarcacións adscritas a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), a Cruz Vermella, así como outras dependentes doutras comunidades autónomas.

A maiores, dado o traballo a desenvolver, este persoal está sometido a unha serie de peculiaridades, as cales veñen recollidas no Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza que especifica que o seu réxime de traballo é de dispoñibilidade, realizando o traballo en quendas e con turnicidade, perigosidade, e celeridade nas súas actuacións. O que supón que este persoal traballa en turnos de oito horas, todo o ano; en quendas de mañá, tarde, noite; e en días normais e feirais ininterrompidamente.

Este persoal estatutario esta adscrito ao Réxime Xeral da Seguridade Social, a pesares de cumprir todos os requisitos do persoal embarcado: titulacións e certificados en vigor, figurar na lista de tripulantes, ter a libreta de navegación ao día, pasar o recoñecemento médico, etc. Na actualidade nin están inscrito no ISM, nin se lle recoñece ningunha protección.

Pola contra as tripulacións das embarcacións privatizadas do Servizo de Gardacostas: remolcador “Sebastián de Ocampo”, buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”, buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”, e patrulleira “Paio Gómez Chariño, coas mesmas titulacións, certificados, etc. desenvolven as mesmas funcións a bordo, salvo ás competencias propias de axentes de autoridade dos membros deste Servizo, aplicándoselle uns coeficientes redutores

do 0,35 por ser tripulantes de buques de salvamento e loita contra a contaminación contratados por unha empresa privada.

Outro tanto acontece co persoal que desenvolve funcións de inspección pesqueira a bordo de embarcacións noutras comunidades autónomas, pero que en vez de ser persoal estatutario manteñen unha relación laboral coas administracións respectivas. A este persoal a Circular nº 4/2017 do Instituto Social da Mariña, de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar os inclúe, na terceira instrución, relativa a cuantía dos coeficientes redutores, no epígrafe 3.2 pesca (ao noso entender erroneamente xa que tiñan que estar no epígrafe 3.1 Mariña Mercante). Persoal laboral das Inspeccións pesqueiras das Comunidades autónomas, establecendo que son asimilables aos tripulantes de embarcacións de ata 10 TRB sempre que se encontren encadrados no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, recoñécéselle un coeficiente do 0,15.

Esta situación de discriminación xa foi demandada polo Partido Popular, o 6 de maio de 2016, presentando unha proposición non de lei que reclamaba un trato xusto, instando a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do estado para que impulse as xestións e reformas normativas que se estimen precisas dirixidas a incluír o cadro de persoal dos Gardacostas de Galiza no Réxime Especial dos Traballadores do Mar, e en todo caso, garantir que poidan beneficiarse da aplicación dos correspondentes coeficientes redutores de cara a súa xubilación.

Medidas que non se adoptaron na última interpretación que tivo lugar coa publicación da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 10:20  
Nº Rexistro: 2248

Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

O que está levando ao persoal de Gardacostas de Galiza a reclamar os seus dereitos diante dos tribunais, os cales xa teñen emitido sentenza favorable incluíndo o período traballado de conformidade co Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, e disposicións concordantes, e elo aínda que se teña cotizado no RXSS, circunstancia que considera o xuíz, que non é obstáculo para estimar a aplicación do COE.

Entendendo que de acordo ao Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, de acordo ao tipo de embarcación, e cuxo Capítulo I regula as actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes a aplicar nelas”, que o persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración debería estar encadrados no Artigo 1. a) Mariña Mercante. E no epígrafe da escala de coeficientes redutores no apartado: 2º. Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira, embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación: 0,35.

Polo tanto, dado que tanto se é persoal estatutario como externalizado, ambos desenvolven as súas funcións nas embarcacións que pertencen ao Servizo de Gardacostas, con funcións similares como membros da tripulación, pero complementadas para o persoal de Gardacostas coas de axente da autoridade. E dado que o Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro establece como novo criterio o tipo de buque no que o traballador desenvolve o seu servizo entendemos que a igual traballo debe corresponder igual prestacións polo que para non continuar coa actual discriminación, compre aplicar a interpretación correcta na correspondente Circular

do Instituto Social da Mariña as embarcacións da 8ª Lista, e así corrixir a actual discriminación do persoal estatutario embarcado nos buques das administracións.

Co obxectivo de emendar esta discriminación e apoiar esta xusta petición, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ó Goberno galego a impulsar as seguintes medidas:

1.- Dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor de xeito que nas actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante, se inclúan as embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas.

2.- Requirit a aplicación dos coeficientes redutores ó persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración, con carácter retroactivo, de acordo aos criterios da Mariña Mercante establecidos no Real Decreto 1311/2007, de 5 de decembro e da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, incluídos na instrución terceira: cuantía dos coeficientes redutores, apartado 3.1 mariña mercante, punto 2º Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e de gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira de 100 TRB ou máis toneladas de



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 10:20  
Nº Rexistro: 2248  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

registro bruto (TRB), embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación cun coeficiente redutor do 0,35.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2018 10:19:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/01/2018 10:19:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2018 10:19:42**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2018 10:20**  
**Nº Rexistro: 22248**  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

**Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2018 10:19:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2018 10:19:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2018 10:19:55**